

Pleno do Comité N° 30 - 8 de xaneiro de 2018

1.- Actas: Apróbase por unanimidade a acta 28, está pendente de envío o borrador da 29.

2.- Comisións: Houbo reunión do Comité Provincial de Seguridade e Saúde o pasado 14 de decembro, entre todo o tratado subliñamos o seguinte:

Hai varios cambios entre os vogais que nomea a empresa na composición do CPSS, por acollerse ao PSI ou por rotación nos cargos. Aínda non está claro quen será a persoa de Prevención (a que había na Coruña acolleuse ao PSI) que asistirá ás reunións, nesta xuntanza estivo unha responsable de Asturias.

Tratáronse as actas do Comité Central número 480, 481 e 482. Seguen pendentes a inmensa maioría dos puntos que foron tratados nas reunións anteriores e volve incidirse na escasa implicación da empresa na solución dos mesmos. En Riazor detectáronse problemas coa climatización e a iluminación que seica están sendo tratados.

En Hércules segue pendente levar os difusores dos climatizadores da planta 2 (que quedou baleira) para a planta 1 onde está todo o persoal, tamén se falou das salas da planta 2 que se usaban para formación e que ao apagar a máquina de aire desa planta quedan sen climatizar polo que non poderían usarse.

Falouse tamén da planificación preventiva do 2018, dos difusores de aire que seguen pendentes de instalar no CTC (Montiño planta 4), dos problemas de organización que existiron na campaña de vacinación da gripe e do accidente dun traballador de Liteyca por rotura dun poste que levaba sen revisar dende 2004. Coméntase que non se están revisando os postes nos prazos que marca a normativa e que pode acabar xerando problemas graves.

Tamén se comentou un caso de accidente laboral en Hércules onde unha compañeira tivo unha reacción alérxica ao po polas obras xeradas polo movemento do mobiliario, a indefinición e falta de autonomía e decisión por parte dos mandos ocasionou un problema para que esa persoa fose atendida onde lle correspondía que é na mutua tal e como recolle o "procedemento en caso de accidente" para asistencia sanitaria dos traballadores de TdE.

3.- Calendario de vacacións 2018: Punto para tratar unha reclamación presentada a este Comité polo compañeiro Emilio, contra o Calendario provisional de vacacións elaborado pola empresa incumprindo flagrantemente o Convenio e no que se lle modifican as datas de vacacións solicitadas sen motivo xustificado. O compañeiro solicita 20 días naturais do 1 ao 20 de xullo e a empresa lle asigna do 2 ao 21 de xullo e lle resta 1 día adicional. O día 1 de xullo de 2018 é domingo, o cal co convenio en vigor non é obstáculo para iniciar vacacións.

Tamén se fala dos departamentos nos que hai persoal de diferentes provincias e os problemas que pode implicar coa aprobación dos diferentes calendarios de vacacións que son provinciais. Acórdase solicitar unha reunión coa empresa para tratar este tema, mencionado que se debe ter en conta que este caso concreto afecta a un grupo con traballadores de diferentes provincias.

4.- Varios: Trátanse neste punto os escritos de saída e entrada a este Comité. O escrito enviado onde se propoñían alternativas ás propostas pola empresa para recuperar o 17 de maio aínda non tivo resposta. De entrada chegaron quendas, porcentaxes de vacacións e 2 CACEs (Cambios de Acoplamento con Coñecementos Específicos) que se convocan para a área Comercial.

Próxima Permanente: **Venres 19 de xaneiro** | Próximo Pleno: **Venres 2 de febreiro**.